



PEPRI CAMARIÑAS  
CONCELLO DE CAMARIÑAS

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL\_V.2

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

ORDENACIÓN  
TOMO VI:  
INFORME DE ALEGACIONES




## 1. ANTECEDENTES.

O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Camariñas (PEPRI-01) foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2016 (DOG nº:78 do 25 de abril de 2016), e posteriormente exposto ao público, notificado individualmente aos propietarios catastrais existentes dentro do ámbito e enviado para a emisión dos oportunos informes sectoriais.

## 2. CARACTERIZACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Durante o período de exposición ao público presentáronse 39 alegacións, as cales se recollen dentro do expediente de tramitación do PEPRI, e cuxa resolución se amosa nun apartado posterior do presente documento.

As máis numerosas foron as que se corresponden con parcelas individuais ou pequenos grupos delas que acadan un número de 32 ou o que é o mesmo o 82,05% do total. Xa de lonxe estarían as relativas a cuestións de índole xeral cuxo número sería de 4, supondo unha porcentaxe do 10,26%. Por último situaríanse as clasificadas como relativas a viario público que serían 3 ou o que é o mesmo un 7,69% de todas as presentadas.



As alegacións presentadas poden incidir sobre a realización dunha modificación do PEPRI ou de varias, sendo os temas máis habituais que se presentan nelas os seguintes: o cambio de parcela dende un ámbito de reorganización volumétrica, dos que aparecían no documento aprobado inicialmente, a unha ordenanza común (Ordenanza Xeral (1) ou Trama orixinaria (2)), cuestións relativas a edificacións catalogadas, nomeadamente redución de protección ou eliminación da mesma, variación na altura máxima permitida, no senso de incrementalala con respecto ao recollido no documento aprobado inicialmente, eliminación de zonas verdes propostas, etc.


## 3. RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS.

Unha vez analizado o contido recollido nas 39 alegacións presentadas procedeuse á súa resolución considerando: estimadas aquelas nas que en xeral se daba unha resposta afirmativa ao pretendido polos alegantes, estimadas parcialmente aquelas nas que certas cuestións



podían ser modificadas no sentido indicado, aínda que outras se teñen que manter tal e como figuraban con anterioridade e desestimadas cando se considera que o que se pide non é posible e polo tanto non se procede á modificación do sinalado.

Do total de alegacións presentadas (39) estimáronse 25, o que supón un 64,10%, estimáronse parcialmente 6, ou o que é o mesmo un 15,39% do total, desestimáronse 8, un 20,51 % de tódalas presentadas.



Nas seguintes páxinas recóllense de xeito individualizado as respostas a cada unha das alegacións presentadas.

Vigo, Decembro de 2021.

Asdo. Calixto Escariz Vázquez.

Director do Equipo Redactor do PEPRI de Camariñas.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde: | Nº de Rexistro: | Data de Rexistro: | Alegación:      | Obxecto:        |
|-------|-----------------|-------------------|-----------------|-----------------|
| 1     | 1938            | 28/04/2016        | Alegación nº:01 | VIARIO          |
| 2     | 1963            | 28/04/2016        | Alegación nº:02 | VIARIO          |
| 3     | 2081            | 05/05/2016        | Alegación nº:03 | XERAL           |
| 4     | 2106            | 06/05/2016        | Alegación nº:04 | 5257928/5257929 |
| 5     | 2146            | 10/05/2016        | Alegación nº:05 | VIARIO          |
| 6     | 2147            | 10/05/2016        | Alegación nº:06 | XERAL           |
| 7     | 2195            | 12/05/2016        | Alegación nº:07 | 5154503         |
| 8     | 2196            | 12/05/2016        | Alegación nº:08 | XERAL           |
| 9     | 2199            | 12/05/2016        | Alegación nº:09 | 5255601         |
| 10    | 2201            | 11/05/2016        | Alegación nº:10 | 5256608         |
| 11    | 2209            | 12/05/2016        | Alegación nº:11 | 5256304         |
| 12    | 2210            | 12/05/2016        | Alegación nº:12 | 5254302         |
| 13    | 2212            | 12/05/2016        | Alegación nº:13 | 5355305         |
| 14    | 2213            | 12/05/2016        | Alegación nº:14 | 5154510         |
| 15    | 2298            | 19/05/2016        | Alegación nº:15 | 5255913         |
| 16    | 2303            | 19/05/2016        | Alegación nº:16 | 5255303         |
| 17    | 2306            | 19/05/2016        | Alegación nº:17 | 5155403         |
| 18    | 2535            | 02/06/2016        | Alegación nº:18 | 5156807         |
| 19    | 2692            | 07/06/2016        | Alegación nº:19 | 5158301         |
| 20    | 2693            | 07/06/2016        | Alegación nº:20 | 5258324         |
| 21    | 2694            | 07/06/2016        | Alegación nº:21 | 5258324         |
| 22    | 2834            | 13/06/2016        | Alegación nº:22 | 5151104         |
| 23    | 2856            | 14/06/2016        | Alegación nº:23 | 5157813         |
| 24    | 2859            | 14/06/2016        | Alegación nº:24 | 5356958         |
| 25    | 2939            | 16/06/2016        | Alegación nº:25 | 5053804         |
| 26    | 2942            | 16/06/2016        | Alegación nº:26 | 5356944         |
| 27    | 2951            | 17/06/2016        | Alegación nº:27 | 5258319         |

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde: | Nº de Rexistro: | Data de Rexistro: | Alegación:      | Obxecto: |
|-------|-----------------|-------------------|-----------------|----------|
| 28    | 3150            | 23/06/2016        | Alegación nº:28 | 5356948  |
| 29    | 3168            | 23/06/2016        | Alegación nº:29 | 5053302  |
| 30    | 3169            | 23/06/2016        | Alegación nº:30 | 5254303  |
| 31    | 3170            | 23/06/2016        | Alegación nº:31 | 5256303  |
| 32    | 3231            | 28/06/2016        | Alegación nº:32 | XERAL    |
| 33    | 3232            | 28/06/2016        | Alegación nº:33 | 5254204  |
| 34    | 3233            | 28/06/2016        | Alegación nº:34 | 5255404  |
| 35    | 3234            | 28/06/2016        | Alegación nº:35 | 5053301  |
| 36    | 3235            | 28/06/2016        | Alegación nº:36 | 5255405  |
| 37    | 3238            | 28/06/2016        | Alegación nº:37 | 5156802  |
| 38    | 3264            | 28/06/2016        | Alegación nº:38 | 5156804  |
| 39    | 3265            | 28/06/2016        | Alegación nº:39 | 5254301  |



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 1              | 1938               | 28/04/2016       | Alegación nº:01 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| VIARIO         |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Eliminar a rúa do ámbito O4-01.

**Contestacion:**

Elimínase a rúa e o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 2              | 1963               | 28/04/2016       | Alegación nº:02 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| VIARIO         |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicita que se elimine a rúa proposta no plano que se localiza ámbito O4-01.

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 3              | 2081               | 05/05/2016       | Alegación nº:03 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| XERAL          |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicita a exclusión da parcela de calquera ámbito de reordenación e que se lle dé á parcela unha ordenanza directa.

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde            | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|-----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 4               | 2106               | 06/05/2016       | Alegación nº:04 |
| <b>Obxecto</b>  |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5257928/5257929 |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicita a exclusión de dúas parcelas de calquer ámbito de reordenación e a aplicación dunha ordenanza de aplicación directa.

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 5              | 2146               | 10/05/2016       | Alegación nº:05 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| VIARIO         |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Eliminar o viario proposto dentro dun ámbito de reordenación das rúas da Fonte e Travesía Calvario (O4-01), situado adxacente á propiedade da alegante.

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 6              | 2147               | 10/05/2016       | Alegación nº:06 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| XERAL          |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Maniféstase a disconformidade coa ordenación proposta nun ámbito de reordenación, na confluencia das rúas da Fonte e Travesía Calvario (O4-01).

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 7              | 2195               | 12/05/2016       | Alegación nº:07 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5154503        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Que se permita na edificación C/do Medio nº 14 Baixo + 2 plantas e baixo cuberta ao igual que as edificacións do resto da rúa.

**Contestacion:**

Corríxese a ficha normativa 5154503 para incluír o que se solicita, pasando a permitirse planta baixa máis dúas plantas na parcela.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 8              | 2196               | 12/05/2016       | Alegación nº:08 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| XERAL          |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicítase a eliminación a ordenanza O4-03.

**Contestacion:**

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 1.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 9              | 2199               | 12/05/2016       | Alegación nº:09 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5255601        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicítase o incremento dunha planta entre as permitidas para a edificación recollida na ficha 5255601, para tapar as medianeiras existentes.

**Contestacion:**

Corríxese a ficha normativa 5255601 para incluír o incremento de volume dunha planta na edificación existente.





## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 10             | 2201               | 11/05/2016       | Alegación nº:10 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5256608        |                    | Desestimada      |                 |

**Contido resumido:**

Solicítase o incremento dunha planta, entre as permitidas, na edificación recollida na ficha 5256608 pasando a baixo + 2 plantas.

**Contestacion:**

A parcela atópase dentro dun ámbito de vivendas tradicionais, as máis delas, como no presente caso catalogadas, e onde se mantén como norma xeral a planta baixa + 1 de altura por ser esta a altura habitual desta tipoloxía, polo que desestima a súa solicitude.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 11             | 2209               | 12/05/2016       | Alegación nº:11 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5256304        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicítase o incremento dunha planta, entre as permitidas, na edificación recollida na ficha 5256304 pasando a baixo + 1 planta e que se elimine a protección de fachada (nivel 4).

**Contestacion:**

Corríxese a ficha normativa para permitir o aumento de volume e elimínase a protección de fachada.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 12             | 2210               | 12/05/2016       | Alegación nº:12 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5254302        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Solicítase e eliminación da protección de fachada (nivel 4) da ficha 5254302 para que se poda incluso demoler.

**Contestacion:**

Procédese á clasificación da súa vivenda dentro do nivel 5.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 13             | 2212               | 12/05/2016       | Alegación nº:13 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5355305        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Eliminar a protección de fachada (nivel 4) da ficha 5355305 e que se poda levantar unha planta máis para tapar as medianeiras.

**Contestacion:**

Acéptase permitir o incremento de volume que se indica na ficha normativa, así como eliminar o nivel de protección de fachada.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 14             | 2213               | 12/05/2016         | Alegación nº:14 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5154510        |                    | Estimada parcialme |                 |

**Contido resumido:**

Eliminar a protección ambiental (nivel 3) da ficha 5154510 (A\_069) para que se poda incluso demoler e que se poda edificar baixo + 2 plantas.

**Contestacion:**

No que atinxe a permitir o incremento de volume na edificación principal acéptase o solicitado. Por contra, vaise manter o nivel de protección ambiental porque se entende que esta edificación responde a unha tipoloxía tradicional que conformou o tecido orixinal camariñan.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 15             | 2298               | 19/05/2016       | Alegación nº:15 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5255913        |                    | Desestimada      |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase modificar o grao de protección da ficha 5255913 (B\_018) para que se poda dar unha planta máis de altura e que se lle poda dar unha solución á entrada da planta baixa.

#### Contestacion:

Mantense tanto a altura proposta como o nivel de protección porque se entende que esta edificación responde a unha tipoloxía tradicional que conformou o tecido orixinario da capital camariñán, e polo tanto debe preservarse, coas labores de rehabilitación que sexan precisas, pero co volume existente.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 16             | 2303               | 19/05/2016       | Alegación nº:16 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5255303        |                    | Desestimada      |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase poder dar maior altura á edificación con ficha 5255303 (B\_016).

#### Contestacion:

Mantense tanto a altura proposta como o nivel de protección porque se entende que esta edificación responde a unha tipoloxía tradicional que conformou o tecido orixinario da capital camariñán, e polo tanto debe preservarse, coas labores de rehabilitación que sexan precisas, pero co volume existente.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 17             | 2306               | 19/05/2016       | Alegación nº:17 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5155403        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase que se lle poda dar unha planta máis de altura á edificación con ficha 5155403.

#### Contestacion:

Permítese o incremento de volume que se recolle na ficha normativa correspondente.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 18             | 2535               | 02/06/2016       | Alegación nº:18 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5156807        |                    | Desestimada      |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase a retirada da protección sobre os recubrimentos cerámicos orixinais á edificación con ficha 5156807 (A\_062).

#### Contestacion:

Dado que este recubrimento é un elemento característico da vivenda, e así foi entendido cando se levou a cabo o catalogo do PXOM que ratificou o organismo autonómico en materia de Patrimonio, vaise manter a devandita protección.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 19             | 2692               | 07/06/2016       | Alegación nº:19 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5158301        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase que se respeten as actuais aliñacións na parcela con ficha 5158301 eliminándose polo tanto o recuamento que se propuña a través da fixación dunha liña límite de edificación máis retrasada,

#### Contestacion:

Procédese a eliminar a liña límite de edificación proposta no documento de aprobación inicial.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 20             | 2693               | 07/06/2016       | Alegación nº:20 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5258324        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase a modificación da liña de edificación correspondente á ficha 5258324 de xeito que se reflecta a recollida nunha licenza outorgada con anterioridade.

#### Contestacion:

Procédese a modificar a liña límite de edificación en atención á información aportada e á obrigada protección dos elementos catalogados existentes na parcela.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 21             | 2694               | 07/06/2016         | Alegación nº:21 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5258324        |                    | Estimada parcialme |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase que a edificación tradicional recollida na ficha 5258324 se desvincule do elemento A\_099 do catálogo e se proceda á súa posterior descatalogación, para deste xeito poder construír cunhas condicións mínimas de habitabilidade.

#### Contestacion:

Procédese á separación da construción do elemento A\_099 xerándose unha nova ficha B\_028, ao tempo que se permite o incremento do volume que se recolle na ficha normativa. Enténdese que se debe manter a catalogación da construción ao tratarse dunha edificación de tipoloxía tradicional que formou parte do tecido orixinario da zona da capital na que se localiza.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 22             | 2834               | 13/06/2016       | Alegación nº:22 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5151104        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicita en relación á parcela 5151104: Que se corrixa as superficies útiles e construídas da ficha normativa, aportándose información máis precisa.- Que se corrixa o linde norte da súa parcela que aparece mal grafitado nos planos. Que se elimine a liña que delimita o fondo máximo edificable da súa parcela.

#### Contestacion:

Procedeuse á realización das seguintes modificacións na documentación do PEPRI: Corrixiuse a información relativa ás superficies da parcela, corrixiuse o límite norte da parcela segundo se solicitaba e eliminouse a liña de máximo fondo edificable.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 23             | 2856               | 14/06/2016       | Alegación nº:23 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5157813        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase a exclusión da parcela do ámbito de reordenación no que se atopaba no documento de aprobación inicial (O4-01) e que se indique se a parcela se poderá segregar.

#### Contestacion:

Procedeuse á realización das seguintes modificacións na documentación do PEPRI: A parcela indicada inclúese nun ámbito de ordenanza 1. por outra parte na normativa do PEPRI recóllese a posibilidade de que as parcelas localizadas no grao 2 das ordenanzas 1 e 2 podan segregarse sempre que se cumpran unhas determinadas condicións, polo que, se estas se cumpren e se obteñen as licenzas e as autorizacións oportunas a parcela podería chegar a parcelarse seguindo as condicións fixadas para elo no eventual título habilitante.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 24             | 2859               | 14/06/2016       | Alegación nº:24 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5356958        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Maniféstase por parte do alegante a súa oposición á ordenación resultante dun ámbito de reordenación (O4-03).

#### Contestacion:

Elimínase o ámbito pasando os terreos indicados á ordenanza 1.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 25             | 2939               | 16/06/2016       | Alegación nº:25 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5053804        |                    | Desestimada      |                 |

#### Contido resumido:

Catalogada coa clave A\_082: Solicítase que no apartado de observacións da ficha do catálogo se recoñeza a existencia de dúas plantas construídas dende o ano 1976.

#### Contestacion:

Non é posible recoller na ficha do catálogo a data solicitada dado que non se dispón da información que permita aseguralo.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 26             | 2942               | 16/06/2016         | Alegación nº:26 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5356944        |                    | Estimada parcialme |                 |

#### Contido resumido:

Manter a integridade da parcela 5356944 que figura catalogada coa clave B\_007, o que implica que saia do ámbito de ordenación O4-04, e polo tanto que se elimine o antedito ámbito. Que se podan rehabilitar as cabanas con fronte á rúa Pizarro e que se poda realizar unha nova edificación no extremo sur da súa parcela con fronte á rúa Pizarro.

#### Contestacion:

Procédese á eliminación da ordenanza O4-04 e o paso dos terreos á ordenanza 2. Tamén se permite a rehabilitación das edificacións auxiliares con fronte á rúa Pizarro posibilitando o incremento de volume recollido na ficha normativa. No que atinxe á realización dunha nova edificación na zona sur en contacto co arúa Pizarro esta posibilidade informase negativamente dado que se considera máis adecuado dado que a edificación se cataloga permitir ampliacións en altura de edificacións xa existentes que a ocupación de máis terreo na parcela con novas edificacións e con elo reducir as zonas axardinadas e o espazo libre interior.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 27             | 2951               | 17/06/2016         | Alegación nº:27 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5258319        |                    | Estimada parcialme |                 |

#### Contido resumido:

Clasificada cun nivel de protección 4 (protección de fachadas) que se poda realizar na fachada posterior da vivenda un porche-terraza.

#### Contestacion:

Unha vez analizada a súa alegación conclúese que: se ben non se estima adecuada a realización dun poche desas dimensións, si poderían resultar autorizables, en atención ao sinalado na normativa urbanística e sempre que se cumpran as condicións sinaladas, outros elementos de menores dimensións e que permitan a cubrición parcial de espazos exteriores adxacentes á fachada en planta baixa.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 28             | 3150               | 23/06/2016       | Alegación nº:28 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5356948        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Que non se proceda á reordenación da parcela 48 e 49 (Ámbito O4-03), manténdose no seu estado actual, cunha ocupación e edificabilidade semellante ás parcelas adxacentes.

#### Contestacion:

Procédese ao cambio da parcela á ordenanza 2 , a cal completa os parámetros de ordenación sinalados na ficha individual da parcela.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 29             | 3168               | 23/06/2016       | Alegación nº:29 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5053302        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase en relación á parcela 5053302, que se elimine a proposta dun novo espazo libre (L-066) sobre parte da súa parcela.

#### Contestacion:

Procédese á eliminación da antedita proposta de espazo libre.





## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 30             | 3169               | 23/06/2016       | Alegación nº:30 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5254303        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Que se permita edificar unha planta máis sobre a devandita edificación e indica que non se trata dunha vivenda unifamiliar senón un edificio de vivendas e locais comerciais.

**Contestacion:**

Procédese a permitir o incremento de volume recollido na ficha normativa, así como a corrixir o dato referido á vivenda na ficha normativa.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 31             | 3170               | 23/06/2016         | Alegación nº:31 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5256303        |                    | Estimada parcialme |                 |

**Contido resumido:**

Solicita en relación á parcela 5256303, que a construción sinalada non é unha construción auxiliar senón unha vivenda, que se permita o incremento de volume semellante ás edificacións adxacentes, que as superficies que se sinalan na ficha da construción non son as reais e aporta información máis detallada e indica que ao seu entender a edificación non é merecente do nivel de protección 4, do que se deduce que pretende que se elimine esta protección.

**Contestacion:**

Procédese a identificar a construción como unha vivenda na documentación do PEPRI, permítase o incremento de volume que se recolle na ficha normativa, recóllense na documentación do PEPRI os datos sobre superficies aportados e elimínase o nivel de protección 4 para esta construción.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 32             | 3231               | 28/06/2016         | Alegación nº:32 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| XERAL          |                    | Estimada parcialme |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase unha maior claridade nas ordenanzas do PEPRI. Que haxa correlación entre as ordenanzas e a planimetría. Tratamento específico para toda a fachada marítima de Camariñas, en canto a volume alturas, igualación de cornixas, cores materiais, etc. A posibilidade de construción de bufardas de tipo tradicional e flexibilizar a regulación das fiestras tipo "velux". A necesidade de que se permitan no uso residencial, tódalas categorías (1ª, 2ª e 3ª).

#### Contestacion:

Conclúese o seguinte: revisáronse as ordenanzas e revisouse a documentación do PEPRI para detectar e solucionar posibles contradicións entre as ordenanzas escritas e as fichas normativas. Revisouse a proposta da fronte litoral de cara a mellorar o seu tratamento específico en atención ao solicitado. Modificouse en parte a regulación relativa aos elementos que se poden localizar en cuberta para iluminación e ventilación dos espazos situados baixo da mesma. Incluíronse tódalas categorías de residencial na ordenanza 1 pois é na que ten sentido que se poda dar a situación de vivenda colectiva

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 33             | 3232               | 28/06/2016       | Alegación nº:33 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5254204        |                    | Desestimada      |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase que se autorice unha altura de PB+3 plantas.

#### Contestacion:

Conclúese que dado que a fronte edificatoria do litoral de Camariñas, en atención a dar cumprimento á adaptación ás condicións do ambiente, e as propias previsións do PXOM no solo urbano da Vila de Camariñas adxacente ao ámbito do PEPRI, se propón cun límite de altura de planta baixa máis dúas plantas, non é posible a previsión de edificios de catro plantas de altura.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 34             | 3233               | 28/06/2016       | Alegación nº:34 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5255404        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Que se corrixa erros relativos ás superficies da edificación, que se permita o incremento de planta na edificación para pasar a PB + 2 alturas.

**Contestacion:**

Procédese indicar na ficha normativa que se tomarán os datos reais cando exista contradicción cos recollidos nas fichas individuais e a indicar a superficie de parcela e construída sinaladas, tamén se permite o incremento da altura sinalado na ficha que supón a posibilidade de acadar a planta baixa máis dúas plantas.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 35             | 3234               | 28/06/2016       | Alegación nº:35 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5053301        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

Que se corrixa erros relativos ás superficies da edificación e que se elimine a proposta dun novo espazo libre sobre a parcela (L-066).

**Contestacion:**

Procédese a indicar na ficha normativa que as superficies a ter en conta serán as que resulten da medición real das edificacións cando exista contradicción coas indicadas na mesma. En canto ao espazo libre proposto no documento de aprobación inicial, este é eliminado da documentación do PEPRI.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegación       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 36             | 3235               | 28/06/2016         | Alegación nº:36 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5255405        |                    | Estimada parcialme |                 |

### Contido resumido:

Catalogada como A\_064, que se corrixan erros relativos ás superficies e estado de conservación da edificación, que se reduza o nivel de protección actual da parcela (no momento presente estrutural (2) e que se poda realizar unha planta máis de altura.

### Contestacion:

Procédese a indicar na ficha normativa que as superficies a ter en conta serán as que resulten da medición real das edificacións así como a incorporar os valores indicados. No que atinxe ao estado de conservación, segundo a visita realizada en outubro de 2017, a edificación está sendo sometida a labores de rehabilitación polo que o estado é obxectivamente bo. No tocante ao nivel de protección co que conta e que a día de hoxe é estrutural propónse o seu mantemento en atención a que edificacións que conforman a mesma praza algunha de similares características á considerada teñen ese mesmo nivel de protección. En canto á posibilidade de realización dunha planta máis, no PEPRI como criterio xeral non se está a permitir o incremento de planta nas edificacións con nivel de protección estrutural, agás que tivesen partes que fose necesario completar por atoparse edificadas tan só en parte. De tódolos xeitos a vixente Lei de Patrimonio recolle no seu punto 42.4 que:“(…)4. En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de forma pormiudada as características e condicións de conservación do ben e do seu contorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia en aras dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.” Polo que no que respecta ao PEPRI vanse manter as alturas propostas no documento de aprobación inicial para esta parcela.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

### PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro   | Alegacion       |
|----------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| 37             | 3238               | 28/06/2016         | Alegación nº:37 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b>   |                 |
| 5156802        |                    | Estimada parcialme |                 |

#### Contido resumido:

Indícase que a parcela figura como equipamento de sistema local (E-012) no PXOM de Camariñas cualificación que se mantén no PEPRI e solicítase que se se estableza no PEPRI o sistema de actuación urbanístico necesario para a obtención e cambio de titularidade da parcela, que se complete o documento do PEPRI coa equidistribución correspondente ao ámbito, que se fixe a valoración da finca e as súas edificacións, que iguais valoracións se recollan para o viario sinalado, que os custos precisos para a obtención da propiedade e edificacións sinaladas se inclúan na estratexia de actuación e estudo económico do PEPRI.

#### Contestacion:

Elimínanse as ordenacións de detalle tanto dos ámbitos de reordenación volumétrica, os cales desaparecen do plan especial, como da dotación sinalada na presente alegación. En todo caso e dado que o Concello aposta polo mantemento como equipamento de sistema local da parcela recóllese no estudo económico unha actuación para adquisición da mesma, realizándose unha estimación do custe da antedita adquisición.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 38             | 3264               | 28/06/2016       | Alegación nº:38 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5156804        |                    | Estimada         |                 |

#### Contido resumido:

Solicítase en relación á parcela con ficha normativa 5156804, solicita que se exclúa a devandita parcela do ámbito de reordenación O4-01.

#### Contestacion:

Elimínase o ámbito pasando os terreos á ordenanza 2.



## ALEGACIONES PARTICULARES.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS.

| Orde           | Número de rexistro | Data de rexistro | Alegacion       |
|----------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 39             | 3265               | 28/06/2016       | Alegación nº:39 |
| <b>Obxecto</b> |                    | <b>Proposta:</b> |                 |
| 5254301        |                    | Estimada         |                 |

**Contido resumido:**

En relación á parcela con ficha normativa 5254301, solicita que na ficha normativa se permita unha planta máis de altura.

**Contestacion:**

Procédese a permitir o incremento de volume que se recolle na ficha normativa da parcela de xeito que se poda edificar planta baixa máis unha planta.